

MATERIAL MEMORIA

PABLO FIDALGO LAREO

Logo da desaparición das nais o trauma do segundo nacemento
E o que eu vin é máis do que se pode soportar.

Heiner Müller

Material Memoria conforma un ciclo de artes escénicas e cinema dentro da exposición *Veraneantes*. O MARCO debe ser quen de se transformar en calquera cousa, en escenario, en espazo dinámico onde as obras sempre se moven cara a algún lugar. Espazo de intervención e transformación radical da sociedade, de palabras e corpos vivos para un presente no que todo se descompón. A sala branca convida á comunicación frontal e directa, a tomar ao público como parte da propia obra, a fuxir do artificio e espir o espazo. Todos os creadores convidados traballan coa palabra e coa memoria familiar, xeracional e política como eixe da súa obra. Actúan coa convición de que só refacendo a nosa historia podemos saír do caos actual, actúan para reapropiarse da linguaxe e desvelar a intrahistoria dos países do sur de Europa. Os traballos presentados dan unha visión distinta da realidade social, sitúan á familia (real ou ficticia) como epicentro dos problemas, e propón a transmisión entre xeracións como única esperanza de cambio.

José Ángel Valente explicaba o descenso á memoria en tres fases: a memoria persoal, a memoria colectiva e a memoria da materia. Memoria material, e memoria da linguaxe, memoria da lingua materna que está en nós aínda que nos afastemos dela. A esa memoria remiten todas estas pezas do ciclo, a unha palabra física, inevitable, transformadora, performativa. Por outra banda, o MARCO ocupa o antigo cárcere de Vigo. É un espazo cargado de significado e moi presente na memoria da cidade. Por iso se nos presenta como o lugar idóneo de reescritura e actualización da memoria. Como desexan escribir a historia? Qué historia contan os seus pais, os seus avós, e qué ficción lles devolven eles? Este proxecto comeza como un acto de resistencia que esixe do espectador toda a súa intelixencia e implicación, onde ningunha presentación se parecerá a outra, onde o Museo se volve lugar de asemblea, de pensamento político e poético, ético e estético, punto de encontro para que creadores e público se vexan as caras e se poñan a proba unha vez máis.

ESCÉNICAS

Pablo Fidalgo

O estado salvaxe. Espanha 1939

«*O estado salvaxe* é unha performance creada despois de moitas conversas coa miña avoa. Ela é, ademais, a única actriz da peza. A través de imaxes en súper8 gravadas polo meu avó dende os anos 50 ata os 80, reescribiremos a historia da miña familia, e ao mesmo tempo, a historia de España dende a guerra civil ata os nosos días. É o testemuño dunha muller que leva moito tempo en silencio e que ten un grande desexo de falar, moito que aclarar, moito que reparar. É, sobre todo, un acto de amor lúcido e extremo, un ataque de romanticismo antes de queimar as naves. Nunha carta dirixida ás súas netas, a miña avoa vai tecendo a súa biografía e cuestionándose todo o seu pasado, o seu presente e o seu futuro, nun exercicio de honestidade brutal «que arroxa luz sobre o que significa estar vivos hoxe».

O estado salvaxe. Espanha 1939 foi creada entre Galicia, Portugal e Arxentina. Producida polo MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, coproducida por Centro Párraga (Murcia) e Festival Temps d'Images (Lisboa). Co apoio de Fundación START-Centro de Investigaciones Artísticas de Bos Aires, Festival Bad-Museo Guggenheim Bilbao, Centro Cultural Vilaflor (Guimarães), O espaço do tempo (Montemor-o-novo), e Zé dos bois (Lisboa). Seleccionada polo proxecto Fabulamundi. Playwrite

Europa 2013/2014. Unha performance de Pablo Fidalgo sobre as películas de Manuel Lareo Costas dixitalizadas por eSe8 e con montaxe de Xurxo Chirro. En escena: Mercedes Fernández Vázquez. Asistencia Técnica de Paul Edward Guy e Antón Ferreiro. Producción de Alicia Díaz. Deseño e web de Amalia Area.

Pablo Fidalgo (Vigo, 1984), escribiu o libro *La educación física* (Pre-textos, 2010), elixido por *El Cultural* como un dos cinco mellores libros de poesía publicados en 2010 en España. En 2012 gaña o Premio Injuve de Poesía polo libro *La retirada*. O seu traballo ten sido presentado en España, Portugal, Italia, Polonia, Brasil, Arxentina e Uruguai. Os seus textos foron recollidos en varias antoloxías e traducidos a varias linguas. Dende 2004 ata 2013 formou parte da compañía La tristora. En 2013 publica o libro de poemas *Mis padres: Romeo y Julieta*. Vive e traballa en Lisboa.

ESCÉNICAS

El Conde de Torrefiel

(Pablo Gisbert e Tanya Beyeler)

Observen cómo el cansancio derrota al pensamiento

A dramaturxia da peza xustapón un encontro de baloncesto onde os xogadores miden a súa resistencia, forza e técnica, mentres un home e unha muller debaten temas relacionados con eles mesmos, interrogándose arredor de cuestións vitais que lles preocupan polo seu carácter inevitablemente contemporáneo: o amor, a política, o diñeiro, o entretemento, a arte ou a morte. O dispositivo textual artículase como unha serie de preguntas e respostas, presentadas en voz en *off* e cuxos contidos,

aparentemente, non gardan relación coa acción escénica. Unha conversa que, segundo vai transcorrendo, afonda en profundidade, caendo nunha última pregunta que a pecha: somos capaces de pensar algunha cousa que non teña relación con nós mesmos? Tanto o partido como a conversa están invisiblemente unidos pola idea de enfrontamento; un *tour de force* coa pretendida finalidade de «gañar» a partida, xogando a baloncesto ou defendendo un discurso. A idea principal onde se apoia a peza é evidenciar os complicados xogos intelectuais. Dificultades polas que, tanto no físico coma no discursivo, alguén tenta superar obstáculos para alcanzar un cume claro, unha conquista persoal que o faga entender o mundo no que vive e a existencia que se construíu. Por último, o xogo leva consigo unha singular experiencia do tempo, que consiste en demorarse, en esgotar un momento que non se pode cuantificar, en devorar os instantes.

La Discreción, La Vulgaridad e El Entretenimiento preséntanse entre 2007 e 2010 en Valencia, Madrid, Bilbao e Barcelona. Estas propostas compoñen unha triloxía estreada en novembro de 2010 no Antic Teatre de Barcelona, baixo o título *La historia del rey vencido por el aburrimiento*. O vídeo *Morir Nunca* preséntase no Festival LP'11 de Barcelona. Estrearon *Escenas para una conversación después del visionado de una película de Michael Haneke* (2012) e *La chica de la agencia de viajes nos dijo que en el apartamento había piscina*, Festival TNT Terrasa, 2013. Os seus traballos

téñense presentado no Festival Tempo, Río de Xaneiro, Temporada Alta, Girona, Festival de Otoño, Madrid ou Mercat de les Flors, Barcelona. Pablo Gisbert recibe o accésit do Premio Marqués de Bradomín 2011 polo seu texto *Un cine arde y diez personas arden*.

CINE

Andrés Duque *Ensayo final para utopía*

Mentres acompaña o seu pai enfermo nun hospital de Venezuela, os pensamentos do cineasta viaxan a Mozambique. Alí, algunhas imaxes de danza e da revolución —algunhas recuperadas e outras gravadas polo cineasta— evocan unha realidade alternativa onde o mundo espectral participa nunha fervenza de movementos excitantes.

Andrés Duque é un cineasta hispano-venezolano. O seu traballo máis coñecido é *Iván Z*, un retrato do cineasta de culto Iván Zulueta que lle valeu unha nominación aos premios Goya da Academia. En 2011 realiza a súa primeira longametraxe *Color perro que huye*, estreada no Festival Internacional de Cine de Róterdam e obtivo o premio do público no Festival Internacional de Cine Punto de Vista. En 2012 é un dos cineastas convidados ao prestixioso seminario Flaherty que se celebra en Nova York. En 2013 recibe o Premi Ciutat de Barcelona polo seu filme *Ensayo final para utopía*. A súa filmografía inclúe: *Paralelo 10* (2005, corto doc), *Landscapes in a Truck* (2006, corto doc), *La constelación Bartleby* (2007, corto), *Life Between Worlds Not in Fixed Reality* (2008, corto doc), *All You Zombies* (2008, corto doc), *No es la imagen es el objeto* (2009, corto), *Color perro que huye* (2011, doc) e *Ensayo final para utopía* (2012, doc).

CINE

Gastón Solnicki

Papirosen

«Moldeando preto de 200 horas de material gravado durante máis dunha década nun retrato de familia á vez épico e íntimo, o novo Solnicki eleva a *home movie* ao nivel dunha arte. Catro xeracións do seu clan son capturadas en vacacións e reunións familiares, así como en pequenos momentos cotiáns. Escavando nos arquivos familiares e incorporando as vivencias da súa avoa Pola, supervivente do holocausto, Solnicki elabora unha afectiva e profunda meditación sobre o significado da familia e o peso da historia». (Denis Lim, Museum of the Moving Image, Londres)

Gastón Solnicki naceu en Bos Aires en 1978. Estudou no Centro Internacional de Fotografía e na Tisch School of the Arts da New York University, onde recibiu o seu BFA en Cine. *Súden* (2008), a súa primeira longametraxe, estreouse internacionalmente no Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente (BAFICI), onde recibiu unha Mención Especial do Xurado e foi galardoada como Mellor Película da Comisión de Prensa de Cine Arxentino. Foi galardoada tamén co Cóndor de Prata á innovación artística. *Papirosen* (2011), a súa segunda longametraxe, estreouse na competencia «cineastas do presente» no Festival de Cine de Locarno, e despois tivo unha exitosa carreira internacional en festivais como a Viennale, Róterdam, Vancouver, Jeonju e continúa exhibíndose ao redor do mundo en institucións como o Centro Pompidou (París) e o Centro Cultural Skirball dos Ánxeles. Foi galardoada como Mellor Película na Competencia Arxentina no BAFICI 2012, e gañou o Premio Lia no Festival de Cine de Xerusalén 2012. Tamén recibiu unha mención especial no Edinburgh Int'l FF 2012. Actualmente traballa na súa longametraxe de ficción, *El principio del Tritono*.

CINE

Eloy Enciso

Arraianos

Neste retrato sobre un pequeno pobo perdido nos bosques entre Galicia e Portugal, momentos de ficción conviven co cotián dos seus habitantes, os arraianos, agora actores que representan a súa propia vida. Realidade, mitos e soños fúndense neste filme libremente inspirado na obra *O bosque*, do dramaturgo Jenaro Marinhas del Valle. Unha película sobre o tempo, a memoria e a musicalidade da palabra.

Nacido en Meira (Lugo), estudou dirección de documental na Escola Internacional de Cinema de San Antonio de los Baños, Cuba. Tras as súas primeiras curtametraxes, en 2007 completa a súa primeira longametraxe, *Pic-nic*, que participa en festivais internacionais e obtén premios dentro e fóra de España. O seu último traballo, *Arraianos* (2012), tivo un amplo percorrido por festivais de referencia internacional como Locarno, Viennale, Doclisboa, Montreal, BAFICI ou Sevilla, obtendo nestes dous últimos o premio á mellor película. Eventualmente traballa como programador de cinema ou impartindo obradoiros e cursos na materia. Antes de dedicarse ao cinema, graduouse en Ciencias Ambientais.

ESCÉNICAS

Rui Catalão

Dentro das palabras/Avenida dos bons amigos

«Os meses previos á estrea de *Dentro das palabras* foron meses de loucura, sentimento de frustración, culpa, impotencia e fracaso. Hoxe sei que fixen unha peza lixeira, feliz e delicada, certamente repleta de momentos terribles, pero sempre nun ton luminoso e con bo humor, e nunha relación calorosa e íntima co público. Montei *Dentro das palabras* coma se estivese morto, ao mirar atrás, como nunha despedida. Maxicamente o pesadelo e a pena fóronse disipando, dando lugar á graza e o encantamento. Xulgaba que este o meu primeiro chan sería o meu último acto público. Ao tratarse dun testamento, escondín o pánico, e sinto que mostrei, nos límites das miñas capacidades, que as vivencias só merecen ser vividas se non nos deixamos martirizar polo sufrimento. A nosa memoria non serve só para lembrar o pasado ou preparar estratexias para o futuro, é tamén un instrumento de repartición, no que se esboza un sentido de pertenza. O sentido da vida pode non existir por si mesmo aínda, pero sempre podemos inventalo. A única mentira da que me comprazo é a de parecer que non teño medo. É preferible avanzar con medo, facendo crer que non temos medo, que agochármonos, con medo a ter medo. Descubrí que vivía abraiado por unha multitude de personaxes que se cruzaran comigo, e que eu, ao desaparecer, estaría

a participar tamén na súa desaparición. Con este solo descubrí o xeito de facelos revivir, a través do meu corpo, dentro das palabras. É un solo acompañado».

Usando a autobiografía, a historia recente dos lugares onde ten vivido, e unha perspectiva antropolóxica para crear ficcións, o traballo de Rui Catalão rolda as zonas de fronteira entre espazo privado e público, os temas da memoria, do azar, da fragilidade e da transparencia, e de como o acto de contar historias altera a percepción dun corpo. É autor e intérprete dos solos *Av. Dos Bons Amigos* (2013) e *Dentro das palabras* (2010). En 2012 estreou *Melodrama para 2 actores & um fantasma* (con Cláudio da Silva e Sofia Dinger) e *Manifesto de Goya*, ambos presentados no Teatro Maria Matos.

ESCÉNICAS

Patricia Caballero

Aquí gloria y después paz/Lo raro es que estemos vivos

«Vinte anos obtendo destrezas físicas. E quen di obtendo, di acumulando, coleccionando. Sempre se colecciona un a si mesmo e non obstante, quen se saíse pola punta dos seus propios dedos; quen se espaxese, se desapropiase, se pluralizase ou se esvaecese. *Aquí gloria y después paz* é un documental escénico, un autorretrato vivente construído, en grande parte, a partir de retratos alleos. Durante a peza vai sendo contada ao espectador a historia do que está a ver, o percorrido que deu orixe aos materiais que a compoñen, entrando así nun xogo fluuante entre o pasado e o presente, o morto e o nacente, o visible e o invisible... e obviamente, a palabra e a acción, a idea

que se ten do que é ficción e o que é real. Así, o espectador é invitado a un próximo achegamento ao taller de traballo, á casa da persoa que traballa como artista, a unha adhesión íntima coa materia artística e humana que se deixa ver. É un limbo no que a memoria se recrea e se despidе, unha orgullosa declaración da imperfección humana, un intento de desprendemento de todo aquilo material e inmaterial que unha persoa deixa de necesitar unha vez que asume a súa descontinuidade no mundo, incluídas, claro está, moitas das convencións escénicas ás que estamos habituados».

Os traballos de Patricia Caballero (Cádiz, 1987) oscilan entre o documental escénico, o obxecto danzante, a intervención urbana e o autorretrato fotográfico. Ten desenvolvido a súa investigación coreográfica en diferentes países, apoiada por institucións como Iberescena, La Porta, Barcelona e REAL, Lisboa. Antes das obras presentadas no MARCO estreou *Chronoscopio* (2010), *Simúlacro de simulacros* (2008), *Cómo congelar fantasmas* (2008), *Hazañas e incidentes* (2007) ou *50 hz* (2006).

CINE

Xurxo Chirro *Vikingland*

Mariñeiros galegos traballan nun transbordador entre a cidade danesa de Romo e a illa alemá de Sylt. Un deles merca unha videocámara e comeza a gravar a súa vida cotiá e a dos seus compañeiros en innumerables travesías en medio dunha invernia. Documento sobre a emigración galega no Norte de Europa. Transposición de *Moby Dick*, de

Herman Melville. «Nada se pode dar por perdido para a Historia» (W. Benjamin). As imaxes orixinais posúen un alto potencial testemuñal. Recuperáronse para volver a vivir a experiencia esgotadora do traballo duns mariñeiros que se atopan lonxe do seu fogar. Esta posta en valor de imaxes de VHS en tempo da HD pode considerarse como unha provocación. Si. O filme é unha loita para evitar que o tempo siga minando a memoria milagrosamente inserida na fragilidade dos soportes audiovisuais. *Vikingland* é unha nova oportunidade para dar conta de algo que todos daban por perdido.

Licenciado en Historia del Arte por la USC, Xurxo Chirro (A Guarda, España, 1973), ten traballado para a Axencia Audiovisual Galega e o AGADIC, organismos da Xunta de Galicia. Crítico de cine, colaborou con varios xornais e revistas. Guionista e director de documentais *Os señores do vento* (2008), *36/75 e 13 Pozas* (2009), *Cellular Movie* (2010) e *Vikingland* (2011), os seus filmes foro premiados en distintos festivais nacionais e internacionais.

ESCÉNICAS

Miguel Bonneville *Miguel Bonneville #6*

«En *Miguel Bonneville #6** empezo unha nova fase do meu traballo. Un traballo cunha filosofía máis profunda sobre a identidade. Sobre os temas de autoría, orixinalidade, soidade, identidade, narcisismo, autobiografía. As autobiografías realizadas por mulleres sempre foron, ao longo da historia, vistas como incompletas, descontinuas, incoherentes, fragmentadas ou privadas. Así tamén vexo o meu traballo porque

sei que unha autobiografía coherente, continua e narrativa segue sendo unha imposibilidade. Sempre será incompleta, en continua transformación e rexeneración».

Miguel Bonneville (Oporto, 1985) completou os cursos de «Actuación» na Academia Contemporánea do Espectáculo (2003), «Artes Visuais» na Fundação Calouste Gulbenkian (2006), «Autobiografías, Historias de Vida e Vidas de Artista» no CIES.ISCTE (2008) e «Arquivo – Organización e Mantemento» no Citeforma (2013). A través de performances, debuxos, fotografías, música, libros de artista, Miguel Bonneville preséntanos historias autobiográficas centradas na destrución e reconstrución da identidade. Bonneville presenta o seu traballo en galerías de arte e festivais internacionais, en particular en España, Alemaña, Polonia, Estonia, Italia, Arxentina, EUA e China. Colabora regularmente con artistas como Carlota Lagido, David Bonneville, Sonia Baptista, Joana Linda, Joana Craveiro e Maria Gil, tendo colaborado tamén con Francisco Camacho, Teatro Praga ou La Ribot, entre outros. Foi artista residente no Sítio das Artes, en CAMJAP - Fundação Calouste Gulbenkian (Lisboa, 2007), en Homesession (Barcelona, 2008), en Mugatxoan na Fundação de Serralves (Oporto, 2010) e no Festival Transeuropa2012 (Hildesheim, 2012).

ESCÉNICAS

Pablo Fidalgo & Miguel Bonneville *Qué hacen a estas horas los coroneles?*

«Por onde empezar a loita real? Que facer cando xa non ten sentido ir manifestarse? Contra quen apuntar? Esa violencia exercida sobre o mundo só é crible cando un conta o seu relato íntimo e persoal. Para iso falarán con políticos, líderes dos seus respectivos países, economistas, e

sobre todo, militares. Se ben os dous se declaran abertamente opostos ao exército, non poden deixar de preguntarse que pensa o exército nunha situación límite como a actual. Queren preguntar: Podo falar co presidente esta noite? Podo falar co rei? Podo dicirle o que penso deste país? Podo levantar o exército igual ca Mishima? Que fan a estas horas os coroneis?».

Pablo Fidalgo e Miguel Bonneville coñécense en 2012 en Lisboa. Comprenden que levan anos desenvolvendo traballos paralelos e deciden ofrecer unha conferencia para explicalo. Este proxecto está apoiado por Azala (Euskadi), Fundación Gulbenkian e MARCO Vigo. Estrea en Vigo.

ESCÉNICAS

Claudia Dias *Visita guiada*

Visita guiada é sen lugar a dúbidas o percorrido turístico máis orixinal e poético que poidas experimentar. Nesta performance en solitario, Claudia Dias traslada os espectadores, a través dunha visita guiada, a Lisboa. Coa axuda de obxectos cotiáns, narra os seus recordos persoais unidos á cidade do Taxo. Ao facelo, a coreógrafa reflexiona sobre a relación entre a historia persoal e a colectiva, entre corpo e cultura. Porque, á fin e ao cabo, non somos produto do noso contorno? E que hai dos produtos da sociedade de consumo? Podemos agora imaxinarnos a vida sen eles ou convertéronse na nosa segunda pel?

Claudia Dias recibiu formación en danza clásica, se ben agora as súas pezas xiran principalmente en torno ás artes visuais. Nacida en Lisboa en 1972, empeza a súa formación en danza clásica con Maria Franco, na Academia Almadense. Entre 2003 e 2009 Claudia Dias estivo representada por RE.AL como coreógrafa. Participou no Project LAB'10, que levou á creación do seu solo *One Woman Show* (2003). As súas pesquisas para a obra *Visita Guiada* (2005) comeza en LAB'11; logo desenvólvea e presenta con motivo do programa «Hors-Série» no Centre Chorégraphique de Montpellier, cuxa presentación tivo lugar na Sala Estúdio Mário Viegas de Lisboa. Dende entón, tense representado en festivais de toda Europa.

CINE

Ramiro Ledo *Vida extra*

A folga xeral de setembro de 2010 crúzase en Barcelona con *La estética de la resistencia*, de Peter Weiss. As discusións desa noite veranse confrontadas co cotián das personas que protagonizan o filme: cinco amigos anónimos que xa non son nin adolescentes nin militantes comunistas, pero que tentan non obstante repoñerse ao estado das cousas, como no seu momento os que protagonizan o libro de Weiss.

Ramiro Ledo Cordeiro (Lugo, 1981), traballa como realizador e montador independente. En 2001 cofunda o Cineclub de Compostela, que dirixe ata o ano 2007, onde tamén editan *Ariel*, boletín de cinema en galego (2002-2004). Desenvolve traballos de documentalista, catalogando o arquivo histórico audiovisual de TVE-Galicia. Dende entón, vive e traballa en Barcelona, onde cursou unha mestría en cinema documental na UAB e estudos sobre cinema contemporáneo na UPF. Colabora en distintos

medios, entre eles a Radio Galega, Xornal de Galicia, Blogsandocs e Asociación Lumière e realizou os filmes *CCCV-Cineclub Carlos Varela* (2005), *O proceso de Artaud* (2010) e *VidaExtra* (2013).

ESCÉNICAS

Lagartijas tiradas al sol (Gabino Rodríguez) *Montserrat*

«En México, o teatro devén o espazo onde se deciden cuestións de veracidade e falsidade, máis cós xornais, o goberno ou as cortes. Polo menos poderíase chegar a tal conclusión despois de ver o ciclo *La invención de nuestros padres*, da compañía Lagartijas tiradas al sol. Tres obras conforman o ciclo: *El rumor del incendio*, un documental escénico sobre a vida de Margarita Urías Hermosillo; *Se rompen las olas*, estrea de Mariana Villegas sobre a relación entre os seus pais; e *Montserrat*, preestrea dunha obra de Gabino Rodríguez na que este pon en escena a busca da súa falecida (?) nai, Montserrat. [...] O final aberto deixa ao espectador sen fundamentación firme na que se poida apoiar para sacar conclusións. En vez de presentar unha autobiografía tal cal, ou investigar a veracidade dunha obra de non-ficción, *Montserrat* é un tratado sobre a ética e as responsabilidades do xénero documental». (Julie Ann Ward)

Lagartijas tiradas al sol son unha cuadrilla de artistas convocados por Luisa Pardo e Gabino Rodríguez. Dende 2003 comezan a desenvolver proxectos como mecanismo para vincular o traballo e a vida, para borrar fronteiras. O seu traballo busca dotar de sentido, articular, dislocar

e desentrañar o que a práctica cotiá fusiona e pasa por alto. Non ten que ver co entretemento; o seu traballo é un espazo para pensar. A compañía ten presentado as súas obras en festivais de todo o mundo, como os Festivais de Outono de París e Madrid, o Kunstenfestivaldesarts Bruxelas, o Festival TransAmériques Montreal e o Zürcher Theatre Spektakel.

CINE

Nicolás Pereda *Los mejores temas*

«Despois de facer algunhas películas cos mesmos actores interpretando papeis similares, decidín facer unha película sobre o proceso de representación. Isto abriu un mundo de novas posibilidades, incluíndo os ensaios, as repeticións e as interaccións entre personaxes de ficción e os actores que interpretan eses personaxes. Seguín esta busca mediante a substitución dun dos actores co meu tío, a metade de rodaxe. O meu tío entra na película como un obxecto documental que ten que relacionarse cos personaxes de ficción que actúan coma se el fose un deles».

Pereda (México D. F., 1982) ten unha Mestría en Artes en Dirección de Cine da Universidade de York, Toronto. Ten dirixido seis longametraxes e unha curtametraxe cos que gañou premios en moitos festivais. Realizou películas e vídeos para montaxes interdisciplinarias, óperas e pezas de danza que se teñen presentado en México, Asia e Europa. O cinema de Pereda foi exhibido en festivais como Cannes, Venecia, Róterdam, FIDMarseille, Viena e Edinburgo, e recibiu premios en varios deles. A primeira retrospectiva das súas películas tivo lugar no Cine Las Américas de Austin, Texas, en 2010. A esta seguíronlle outras en Jeonju IFF, Anthology

Film Archives, Paris Cinema, Cartagena IFF, UCLA, Valdivia FF e Harvard Film Archive, sumando outras en Madrid, Seattle, San Francisco, Belo Horizonte e no TIFF Bell Lightbox de Toronto.

ESCÉNICAS

Olga Novo *Intrahistoria dos meus*

29 de xaneiro do 2002

Querida mamá: estou aprendendo a ladrar.

une saison en enfer. repite conmigo Une-Saison-En-Enfer.

trinta xeracións de meu analfabetas Eu estou aprendendo a ladrar.

marcar un nunca territorio coa epiglote coma un cadelo coma un can de paleiro escadelearme ata volver en min en can entón pronuncio

Walt Walt

Walt Whitman mamá.

estou aprendendo a ladrar.

póñome de cu pró sol agárrome a unha aixada e

tento imitar o son do cuco do cuco de cu pró sol entón

a miña gorxa esprémese de dor

e oulan coma nunca os futuros posibles

que nos fan esbombar as veas

coma unha pota de leite na lareira.

os ollos do meu amor levan dentro

o troupeleio dos chocallos uncontrauto uncontrauto

da novena sinfonía de Gustav Mahler

mamá.

e eu míroche prós ollos prós olliños estás tan cansa

pero eu non e aquí

é o intre da furia can
escoito con atención a campá de cris
tal dos teus soños incumpridos
coma unha escultura delicada de
Brancusi
de Cons tan tén Brancusi.
unha vez e outra vez o corazón
grandísimo
igual ca unha cerrota andoa o outono es
ti ou ou ou loba
velaquí me téis bailando berrando
choutando
unha mestra gutural un volcanciño
gutural
coma Virginia Woolf coma Virginia
Woolf coma Virginia Woolf.
eu míroche prás mans podería lamberche
as cicatrices das mans
ata que deran luz
e curarche as hernias discais cun só verso
alexandrino
cunha sílaba de centeo cru cun oh-là-là e
despois despois
contar unha por unha as túas canas
enraizadas nas idades do mundo
a túa lingua plantígrada mamá
podería mesmo reestructurarche a
osamenta
co implante dunha canción anarquista.
ás veces sinto a dor sedimentándose
lámina
por
lámina
coma a pizarra:
é un esguince emocional chantado na
caluga
e para ladrar así ás veces é preciso chorar
iodo
abrir os xeonllos cunha gadaña ata ver o
sol tan preto

a tres centímetros do iris
mamá
eu tiña que mamar da túa médula
asombrar o mundo cando che baixa a
compaixón ás caries
e ós peitos
caídos
co cansazo.
para poder ladrar eu tería que rillar
durante anos
a túa alerxia ó pó á peluxe dos chopos
a túa anemia circulando en sentido
inverso polo sangue
tería que ir contigo enterrar ó teu irmán
de vinte e sete anos e
apretar a meixela para non tronzar a
língua
coa súa tuberculose mamaña.
ben sei eu que para poder ladrar
tería que ir contigo á miña infancia
e verme case morrer deshidratada
e pregarlle á virxe na que non cres
que me devolvera á vida de tres meses e
medio
e soldarme no teu colo para sempre
coma unha peza de ferro do teu ventre.
non penses que non sei que para poder
ladrar
tería que ir contigo ás derradeiras horas
da mamá Carmiña agarrada ás catro
puntas do seu pano
e ó teu bazo.
ben o sei ben sei eu todo
que para eu aprender este ladrado
á fin fixeron falla
mil mulleres lavando a reo no río de Saá
e mil arando e dúas mil cosendo e cinco
mil
apañando cozas e garabullos no medio do
monte e Ti

sobre todo ti plantando pinos nun
 serragoto inmenso
 desaprendendo canto es
 esfuracando as túas dúbidas.
 Querida mamá: estou aprendendo a
 ladrar.
 alguén me ve abríndome a queixada ata
 que a fendo e digo xa
 xa ladro ou coma o can non non
 coma Camille Claudel coma Camille
 Claudel coma Camille Claudel
 coma Camille mamá no mármore
 coma Camille
 coma Walt Whitman Walter Benjamin
 vou mamá
 vou deica ti
 vou eu vou
 outa
 outa
 ouh...

Olga Novo (Vilarmao, A Pobra do Brollón, Lugo, 1975) é poeta e ensaísta, licenciada en Filoloxía Galega pola USC. Foi lectora de galego na Universidade da Alta Bretaña en Rennes e profesora de Literatura na Universidade de Bretaña Sur en Lorient. Como poeta deuse a coñecer a través de tres libros de poemas de grande torrente vivencial, forza expresiva, fondura telúrica e sensualidade erótica. Publicou *A teta sobre o sol*, *Nós nus*, *A cousa vermella* e *Cráter* (Premio da Crítica 2012). Tamén publicou un libro de arte compartido coa pintora Alexandra Domínguez e o poeta Xoán Abeleira, titulado *Magnalia*. Premio Losada Diéguez de Creación Literaria polo libro de poemas *Nós nus*. Premio de Investigación Ánxel Fole polo estudo *Uxío Novoneyra. Lingua loaira*.

ESCÉNICAS

Fon Román&Pablo Fidalgo
Persona non grata

Improvisación sonora.

MÚSICA

Fon Román
Concierto acústico final

Fon Román (Vigo, 1970) é músico, guitarrista, vocalista e compositor. Durante trece anos forma parte do grupo de pop español Los Piratas como guitarrista e compositor. Dende 2004 traballa en solitario baixo o nome de Fon Román compoñendo en exclusiva a totalidade das súas cancións. Os seus discos en solitario son *Silencio cómodo en un jardín descuidado* e *Entretelas*. Na actualidade compaxina a súa carreira con outros proxectos como o de música experimental Trash of Dreams, que forma xunto a un dos máis importantes produtores musicais de España, Suso Saiz. Propietario e administrador da sociedade Pequenas Iluminaciones SL, productora fonográfica independente con sede en Vigo. O seu traballo tense presentado en salas e festivais de todo o mundo.

PROGRAMA OUTUBRO 2013 - MARZO 2014

LUGAR: PATIO A1 | HORA: 19.30-21.00

OUTUBRO 2013

SÁBADO 12

O estado salvaxe. Espanha 1939
Pablo Fidalgo (escénicas)

VENRES 18 E SÁBADO 19

Observen cómo el cansancio derrota al pensamiento
El Conde de Torreñel (escénicas)

VENRES 25 E SÁBADO 26

Ensayo final para utopía
Andrés Duque (filme)

NOVIEMBRE 2013

VENRES 8 E SÁBADO 9

Papirosen
Gastón Solnicki (filme)

VENRES 15 E SÁBADO 16

O estado salvaxe. Espanha 1939
Pablo Fidalgo (escénicas)

VENRES 22 E SÁBADO 23

Arraianos
Eloy Enciso (filme)

VENRES 29 E SÁBADO 30

Venres: *Dentro das palabras*
Sábado: *Avenida dos bons amigos*
Rui Catalão (escénicas)

DECEMBRO 2013

VENRES 13 E SÁBADO 14

Venres: *Aquí gloria y después paz*
Sábado: *Lo raro es que estemos vivos*
Patricia Caballero (escénicas)

VENRES 20 E SÁBADO 21

Vikingland
Xurxo Chirro (filme)

XANEIRO 2014

VENRES 17 E SÁBADO 18

Miguel Bonneville #6
Miguel Bonneville (escénicas)

VENRES 24 E SÁBADO 25

¿Qué hacen a estas horas los coroneles?
Miguel Bonneville + Pablo Fidalgo (escénicas)

FEBREIRO 2014

SÁBADO 1

Visita guiada
Cláudia Dias (escénicas)

VENRES 14 E SÁBADO 15

Vida extra
Ramiro Ledo (filme)

XOVES 20 E VENRES 21

Montserrat
Lagartijas tiradas al sol (escénicas)

SÁBADO 22

Los mejores temas
Nicolás Pereda (filme)

VENRES 28

O estado salvaxe. Espanha 1939
Pablo Fidalgo (escénicas)

MARZO 2014

SÁBADO 1

Intrahistoria dos meus
Olga Novo
(lectura de poemas comentada)

VENRES 7 E SÁBADO 8

Venres:
Persona non grata (poema dramático acompañado)
Fon Román + Pablo Fidalgo

Sábado:
Concerto acústico
Fon Román

Después de la desaparición de las madres el trauma del segundo nacimiento
Y lo que yo vi es más de lo que se puede soportar.

Heiner Müller

Material Memoria conforma un ciclo de artes escénicas y cine dentro de la exposición *Veraneantes*. El MARCO debe ser capaz de transformarse en cualquier cosa, en escenario, en espacio dinámico donde las obras siempre se mueven hacia algún lugar. Espacio de intervención y transformación radical de la sociedad, de palabras y cuerpos vivos para un presente en el que todo se descompone. La sala blanca invita a la comunicación frontal y directa, a tomar al público como parte de la propia obra, a huir del artificio y desnudar el espacio. Todos los creadores invitados trabajan con la palabra y con la memoria familiar, generacional y política como eje de su obra. Actúan con la convicción de que solo rehaciendo nuestra historia podemos salir del caos actual, actúan para reapropiarse del lenguaje y desvelar la intrahistoria de los países del sur de Europa. Los trabajos presentados dan una visión distinta de la realidad social, sitúan a la familia (real o ficticia) como epicentro de los problemas, y propone la transmisión entre generaciones como única esperanza de cambio.

José Ángel Valente explicaba el descenso a la memoria en tres fases: la memoria personal, la memoria colectiva y la memoria de la materia. Memoria material, y memoria del lenguaje, memoria de la lengua materna que está en nosotros aunque nos alejemos de ella. A esa memoria remiten todas estas piezas del ciclo, a una palabra física, inevitable, transformadora, performativa. Por otra parte, el MARCO ocupa la antigua cárcel de Vigo. Es un espacio cargado de significado y muy presente en la memoria de la ciudad. Por eso se nos presenta como el lugar idóneo de reescritura y actualización de la memoria. ¿Cómo desean escribir la historia? ¿Qué historia cuentan sus padres, sus abuelos, y qué ficción les devuelven ellos? Este proyecto comienza como un acto de resistencia que exige del espectador toda su inteligencia e implicación, donde ninguna presentación se parecerá a otra, donde el Museo se vuelve lugar de asamblea, de pensamiento político y poético, ético y estético, punto de encuentro para que creadores y público se vean las caras y se pongan a prueba una vez más.

ESCÉNICAS

Pablo Fidalgo

O estado salvaxe. Espanha 1939

